



Concello de Vilarmaior

ANUNCIO

Expropiación de terreos necesarios para a execución da obra hidráulica “Depuradora de saneamento Soutocalvo”. Expediente 2022/X999/000001

Convocatoria levantamento das actas previas á ocupación e formalización das actas de ocupación.

O concello de Vilarmaior, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 e concordantes do seu Regulamento, acordou o 10 de maio de 2022, sinalar a data para proceder ao levantamento das Actas previas á ocupación do expediente de referencia, aprobado o 31/3/2022, e cuxo proxecto de obra foi aprobado polo pleno o 28/1/2022 e a data para proceder ao levantamento de actas de ocupación:

Día 06 de xuño de 2022, ás 11:00 horas para o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados, na casa do Concello de Vilarmaior.

Día 06 de xuño de 2022, ás 11:15 horas para o levantamento das actas de ocupación de bens e dereitos afectados, na casa do Concello de Vilarmaior.

O pagamento do importe do depósito previo pola expropiación realizarase polo Concello de Vilarmaior, con carácter previo ao levantamento da acta de ocupación, mediante transferencia bancaria ás persoas que figuren como propietarios da finca e bens ou dereitos, en cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de abril de 1957.

Aos ditos actos deberán acudir os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado co seu DNI. En caso de representación, acreditarase mediante poder outorgado ante notario, xa sexa un poder xeral ou específico para este acto.

No mesmo acto ofertaranse aos propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada unha das fincas, en concepto de Mutuo Acordo.

Vilarmaior, 12 de maio de 2022
O Alcalde, Carlos Vázquez Quintián